



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

**ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA
SESIÓN EXTRAORDINARIA 30.10.2023**

Na sala sita no noveno andar da Casa do Concello de Vigo, iníciase a sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de outubro do ano dous mil vinte e tres. Preside **D^a PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO**, concelleira de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal por resolucións de Alcaldía de datas de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, e actúa como secretaria **D^a Susana Gallardo Fariña**, Secretaria de Goberno local, segundo a orde do día fixada pola Presidencia asistindo as persoas que a continuación se relacionan:

Por parte da Administración

- Dna. Patricia Rodriguez Calviño (concelleira de Seguridade, Festas Contratación e Xestión Municipal)

Por parte da representación sindical

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. Manuel Vas Costa
- D.^a Cristina Domínguez González

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Enrique Alonso Rodríguez

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D. Carlos Igrexas Martínez

SINDICATO INDEPENDIENTE . DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Santiago Martínez Pardo
- D. Dámaso Pena González
- D. Carlos Pérez Rodríguez

Asisten tamén, de conformidade cos “*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*”, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

ÁREA DE RR HH E FORMACIÓN

- D.^a María Dapena Gómez (xefatura)

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo 43062-220	Data impresión: 03/11/2023 12:35 CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	Páxina 1 de 8
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

- D.^a Beatriz Ugarte Alonso
- D.^a Sonia Estrada Ibáñez
- D. Marcos Viturro Gómez
- D.^a Tatiana Ordóñez del Pazo

INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL

- D. Alberto Escariz Couso (interventor)

TESOURERÍA-RECADACIÓN

- D. Luis García Álvarez (tesoureiro)

A Secretaria: da conta de que se vai gravar a sesión aos efectos de apoio na tarefa de confección da acta e se alguén dos presentes non presta o consentimento que o manifeste.

A Presidencia: Iniciamos as intervencións co único punto da orde do día. Procederemos primeiro ca quenda de intervencións dos delegados/as sindicais e seguiremos cas aclaracións necesarias sobre a documentación.

ÚNICO.- NEGOCIACIÓN DO CAPÍTULO I – ORZAMENTO 2024 DO CONCELLO DE VIGO (EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 42630/220).

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): na proposta que se fai en Medio Ambiente da creación dunha praza de capataz para cemiterios, transformando a praza de xefe de equipo, parécenos correcta, e entendemos que se debe facer o mesmo seguindo os mesmos criterios no servizo de Educación.

Tamén solicitamos para o servizo de Medio Ambiente a transformación da praza de laceiro en oficial de oficios adscrito mesmo servizo, que neste caso non tería custo. A explicación é sinxela, o laceiro actual vaise xubilar e ese servizo parece que o vai prestar a canceira da Madroa. E a praza de oficial de oficios sería necesaria no servizo e concretamente, o ano pasado, por exemplo, houbo dificultades para retirar todo o material que se coloca nas praias: torres de vixilancia, acceso para persoas con discapacidade, etc. e tamén sería necesario para realizar outras tarefas de urxencia que poidan xurdir.

Non estamos de acordo co cambio da praza de oficial fontaneiro do servizo de Vías e Obras ao servizo de Medio Ambiente. Consideramos que esa praza se debe manter no mesmo servizo e o traballador debe volver a Vías e Obras.

Fálase no documento dun cambio que se vai facer dun oficial de mantemento do servizo de Medio Ambiente para o servizo de Vías e Obras, non se atopa esa praza na RPT, solicitamos aclaración.

Respecto ás propostas da CIG, asumímolos, só matizar que nos colexios non se solicita a transformación de axudantes de oficios, porque non existen como tal, son vixiantes de instalacións municipais. En 2010 todos eran vixiantes de instalacións municipais. Debido ás

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 2 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

funcións que realizaban, que eran máis de mantemento que de vixilancia, transformáronse 25 prazas, pero quedaron 8 sen transformar, non sabemos o por que. Por este motivo as persoas que ocupan estas prazas actualmente están cobrando como vixiantes e facendo tarefas de oficial. Durante anos pagóuselhes esa diferenza de funcións mediante unha produtividade, pero leva anos se pagarse. Cremos que deben transformarse estas 8 prazas.

En canto á proposta de creación das prazas de traballadoras/es sociais e bombeiras/os asumímolos.

Gustaríanos saber que pasou coa creación das 21 prazas de policía local que se comprometeran na última reunión da Mesa sobre a aprobación da RPT, que non vemos por ningún lado, e sobre o compromiso de crear prazas de bombeiros/as.

Cónstanos unha petición de Benestar Social para a creación de 9 prazas de traballador/a social, queremos saber se se vai levar a cabo. Destacar que o custo para a creación destas prazas está asumido en parte polo plan concertado ca Xunta de Galicia.

Tamén queremos saber que cubre a póliza de seguro de accidentes de vehículos e o de carné de conducir, porque non temos moi claro a que se destinan esas aplicacións.

Tampouco vemos unha aplicación orzamentaria específica para a elaboración do cadro de persoal.

Respecto das prazas que se piden para RRHH, asumimos que o persoal nesta Área é necesario. Pero chámannos a atención dúas prazas, por un lado a de enxeñeiro/a industrial, xa que as medicións de fumes, ruídos e temperaturas realízaas un hixienista industrial.

A cuestión é que se xa temos problemas co laboratorio para homologar os equipos, se se contrata a un enxeñeiro/a os equipos para facer estas medicións vanse ter que comprar, e son bastante caros, ademais hai que homologalos e mantelos.

Consideramos que máis que unha praza de enxeñeiro/a industrial sería necesaria unha de técnico/a de prevención.

A outra praza é a de técnico/a de formación e aprendizaxe, chama atención a xustificación recollida no informe para a súa creación: *“Por último, e no marco da formación e da aprendizaxe -e sen entrar a valorar, no presente procedemento, a causa última das dificultades que na organización concorren, ou se xeneran, para a adecuada planificación e xestión da formación-...”*. ¿Cales son esas dificultades? Porque hai tres sentenzas xudiciais que din que o Plan de Formación parte dunha Comisión Paritaria, non da reunión das tres técnicas que desenvolven ese Plan. As tres sentenzas son moi claras respecto a como se ten que facer un Plan de formación.

Entendemos que se lle van atribuír atribuír a esta praza unhas funcións de asesoramento á Comisión Paritaria, que esta Comisión non aprobou.

Sr. Martínez Pardo (SICO): Reiteramos a petición dunha modificación para que se poidan incorporar 32 postos vacantes na RPT (da Policía Local).

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 3 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

Non estamos de acordo coa amortización da praza de inspector principal da Policía Local, de feito cremos que é necesaria a creación dunha praza adicional.

Solicitamos a creación de, mínimo, tres prazas de administrativo/a de turismo no servizo de Turismo.

Solicitamos tamén que os cambios de adscrición se realicen a través do concurso de traslados, non vía orzamentaria.

Un incremento na aplicación do Fondo Social que chegue aos 150.000 euros, dado que levamos desde o ano 1995 cas mesmas cifras.

E a incorporación da dotación económica para cubrir o premio á xubilación establecido no convenio colectivo.

Sr. Pena González (SICO): a amortización da praza da escala de mandos está causando problemas na xefatura. Están realizando as funcións de inspector de quendas os oficiais, asumindo responsabilidades que non poden no seu posto. A responsabilidade dun xefe de quenda da Policía Local é moi grande, e non pode ser que un oficial estea ao cargo dunha quenda.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): remitímonos ao escrito presentado no seu día por rexistro xeral.

Por un lado estaría a creación de prazas tanto de bombeiro/a como de condutor bombeiro/a, para cubrir as necesidades establecidas pola normativa, igual en Benestar Social, para cumprir as ratios recomendadas de atención aos/as cidadáns.

Por outro lado a transformación das prazas de axudante de oficios do servizo de Educación. Puxemos intencionadamente praza de axudante de oficios, aínda que o posto é vixiante.

Pedimos a transformación porque esta situación supón unha descompensación entre traballadores/as que están facendo o mesmo traballo. O mesmo pasa no servizo de Deportes, é un fallo da RPT.

E canto ao Fondo Social solicitamos, se o permite no seu caso a Lei de orzamentos para 2024, recuperar o compromiso de incrementar esta aplicación.

Solicitamos unha aplicación orzamentaria para revisar a RPT de bombeiros/as.

Por último, aínda que non corresponde ao capítulo I, recordar que había un compromiso do concelleiro da Área de Fomento para a renovación da flota de vehículos municipal. Algún xa non pasa a ITV.

Sr. Vas Costa (UXT): só incidir no que xa comentaron os compañeiros sobre a falta de persoal en Benestar Social, e en que gran parte de gasto de este persoal o financia a Xunta de Galicia.

A Presidencia: vou necesitar un pouco de axuda técnica, para valorar se se pode atender algunha petición ou non.

Gustaríame facer unha aclaración á proposta de SICO sobre a creación das tres prazas de administrativo/a do servizo de Turismo. ¿Serían tres prazas a maiores das xa creadas derivadas da oferta de estabilización?

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 4 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

Sr. Martínez Pardo (SICO): si, porque as tres de estabilización non son suficientes. Serían tres máis, como mínimo, para o servizo de Turismo.

A Presidencia: O marco límite é o marco da lei. A proposta de creación de estrutura do capítulo I recollida no informe vén maioritariamente derivada dunha lei que entrou en vigor o ano pasado, sobre a protección ás persoas que denuncian infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Isto engade novas obrigas á Secretaría do Goberno local, Asesoría Xurídica, ao servizo de Contratación e a Recursos Humanos.

En canto á praza de enxeñeiro industrial, temos un estudio ao respecto dese perfil profesional. Remítome ao servizo de Recursos Humanos para que aclaren as dúbidas.

Tamén que confirmen se é posible a transformación a praza de laceiro en oficial de oficios e sen supoñer modificación económica. E por último se confirme tamén se é posible, a nivel orzamentario, a proposta para Medio Ambiente e Educación sobre o xefe de equipo/capataz.

Con respecto ás prazas de bombeiros/as e o resto de prazas, sabemos que existen unha serie de limitacións normativas, unha taxa de reposición, e nestes momentos temos en vigor un contrato de revisión da totalidade do persoal e da RPT, porque é necesario redimensionar diferentes servizos, e haberá que redistribuír os recursos dunha forma equilibrada.

Hai unha dotación orzamentaria específica para a revisión das prazas de bombeiros/as. Do que resulte teremos conclusións e moita información que revisar durante o primeiro semestre do ano, para atender a totalidade do persoal.

No tema dos seguros de accidentes e carnés non sei se podemos explicar aquí a cobertura que teñen. E sobre a flota dos vehículos que comentou a CIG, efectivamente, non forma parte do capítulo I, senón do capítulo II.

Polo que respecta ao Fondo Social temos que ver como o podemos afrontar. ¿Sr. Interventor e Sr. Tesoureiro, estamos supeditados á norma que se dite desde o Goberno Central para incrementar esta aplicación orzamentaria?

Sr. Interventor: entendo que si na última década se vén establecendo o mesmo e non deixan incrementala, deixaríaa a aplicación como está, e se despois se permite poderíase facer unha transferencia de crédito.

Sr. Tesoureiro: ese crédito está sobre dotado nun importe, entre 50.000 e 60.000 euros. Non se pode consumir máis alá do que permite a lei.

A Presidencia: con respecto ao técnico de formación e as sentenzas comentadas, que todos lemos. Nin eu como concelleira, nin os delegados/as sindicais emitimos informes, nin técnicos, nin xurídicos, nin económicos, das decisións que logo toman os órganos de goberno.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 5 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

Polo tanto necesitamos técnicos que nos indiquen as pautas a seguir, e a xuízo da Área de Recursos Humanos parece correcta a creación desa praza. Esta decisión está aprazada ata o ano 2025.

En canto ao servizo de Medio Ambiente, igual que a Policía Local, solicitan cos seus propios créditos as transformacións que consideran oportunas.

Entendo que para realizar un cambio de categoría profesional de vixiante a oficial sería necesaria unha dotación de crédito, e hai que ter en conta as limitacións orzamentarias cas que nos atopamos agora mesmo.

Pode ser razoable o que decides de que todo o persoal de Educación sexa oficial de instalacións, ou que se considere a amortización e transformación noutros perfís.

A dificultade vai vir das limitacións orzamentarias do capítulo I, e seguramente esas medidas haberá que ir adoptándoas ao longo de varios exercicios.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): ¿entón teñen que seguir facendo funcións de superior categoría?

A Presidencia: non me consta iso. Comparto a opinión de que os traballadores/as deben realizar as funcións da praza e posto que ocupan.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): aclarar que xa sabemos que este ano, ca lei de orzamentos actual, non se pode incrementar o Fondo Social, pero quero ser optimista e pensar que no futuro pode desaparecer esa limitación. Por eso pedimos que cando non exista ese atranco legal, haxa un compromiso por parte do goberno de incrementalo.

Insistir que transformar as prazas de axudantes de oficios en oficiais suporía 22.000 euros, como consta na valoración do informe, e non creo que iso desestabilice os orzamentos.

Das 8 prazas de Educación dese tipo, 4 ou 5 están vacantes. Pódense aproveitar estas vacantes. Hai unha aplicación orzamentaria para contratacións de 1.033.000 € que na miña opinión está “duplicada” e se pode utilizar, xa que normalmente aos interinos se lles paga co remanente das vacantes que se van producindo.

A Presidencia: iso ía preguntar, porque se as prazas están ocupadas non se poden transformar. E tamén saber se están afectadas pola taxa de reposición, e se sería posible transformalas neste momento.

Sra. Estrada Ibáñez: algunhas desas prazas están afectadas pola estabilización.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): as prazas ás que nos referimos, salvo erro, creo que non están incluídas na estabilización nin nas ofertas de emprego, informámonos previamente. En calquera caso, a diferenza económica sería irrisoria para o Concello.

A Presidencia: entón prazas vacantes que non estean en oferta, dos servizos de Educación e de Deportes.

¿Cales son os límites orzamentarios que temos?

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 6 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

Sr. Tesoureiro: agora hai en marcha un proxecto de modificación da RPT, que é o elemento clave. Será a partir deste documento cando se deberían tomar as decisións. Se se adoptan decisións neste momento pode ser que non se axusten ao proxecto final. En relación ca posible duplicidade que comentaba o Sr. Igrexas, esa aplicación reflexa as autorizacións de gasto futuro que foron adoptadas polo órgano competente.

Sr. Igrexas Martínez (CIG): creo que se está abusando de asistencias técnicas. Volvendo ás transformacións das prazas, cremos que as persoas que están realizando eses traballos merecen cobrar polo que fan. Vaise gastar o mesmo se se lles paga produtividade.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): produtividade que se lle pagou durante anos e se deixou de pagar, non sabemos por que.

A Presidencia: desde o ano 2021 fixéronse moitas cousas polo e estamos no momento de revisar todo. Estamos a punto de realizar a OPE dos anos 2020, 2021 e 2022. Eu creo que no ano 2024 vai ser o momento de analizar a RPT na súa totalidade.

Sra. Estrada Ibáñez: o oficial fontaneiro estaba contemplado na RPT do 2023. O único que fixemos agora foi colocar ben os créditos.

Respecto á petición da praza de laceiro, teríamos que cambiar todos os informes.

Sra. Presidenta: propón, a proposta dos sindicato de CCOO, a modificación da praza de oficial lacero a oficial de mantemento adscrito ao servizo de medio ambiente.

Suspéndese a sesión ás 14:25 horas.

Retómase a sesión as 14:35 h

A Presidencia: quero deixar unha reflexión. Hai unha tendencia estes anos de crear demasiadas microestruturas dentro das Áreas. Ao final os administrativos son administrativos, e os oficiais de mantemento oficiais de mantemento. Dentro da mesma Área haberá que determinar as obrigas que hai e en función diso distribuír os medios. Trátase de ser eficientes e sostibles.

¿Algunha outra cuestión?

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): seguimos crendo que é un erro a creación da praza de enxeñeiro/a industrial.

Sra. Dapena Gómez (xefatura RRHH): quero aclarar este punto. Quizá o Sr. Alonso non leu ben o informe, xa que manifestou que ese perfil vai facer “cálculo de estrutura”. Non vai facer cálculos, se non análises. Buscamos como referencia os perfís que existen en outros Concellos, como o de Pontevedra, tomando como base a auditoría no que se detectou que había un elevado volume de contratos menores para cuestións propias do ámbito da enxeñería industrial. Non falamos de “cálculo”, se non de “análise”.

Sr. Alonso Rodríguez (CCOO): non estamos de acordo con que se limite a enxeñeiro industrial, pode ser un enxeñeiro químico, por exemplo. Parécenos ben abrir o abanico.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 30/10/2023-Expte. 43062/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 7 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 43062/220

Sra. Presidenta: non existe inconveniente en modificar a praza de “Enxeñeiro Industrial” en Enxeñeiro Superior.

VOTACIÓN

Finalizadas as intervencións a Presidencia somete a votación a proposta vinculados á modificación nos termos negociados que se concretan en: modificación da praza de oficial lacero a oficial de mantemento adscrito ao servizo de medio ambiente e modificación da praza de “Enxeñeiro Industrial” en Enxeñeiro Superior.

Resultado da votación: Resultado da votación: un votos a favor (UXT) tres abstención (SICO, CCOO, CIG).

E sen máis asuntos que tratar e sendo, as catorce horas e corenta e cinco minutos a Presidencia remata a reunión, do que eu, Secretaria, dou fe, co visto e praxe da Presidenta, concelleira da Área de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal.

SGF/if

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA - SUSANA GALLARDO FARIÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/11/2023 12:35	Páxina 8 de 8
43062-220	CSV: A9AE3F-47275F-473ECD-3ADHDD-76TVD3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		